

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32003643	CPI Virxe dos Remedios	Castro Caldelas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O planeta Terra e a súa representación	O noso planeta, a nosa casa. Os principios básicos da xeografía física que avanza no coñecemento adquirido polo alumnado en anos precedentes. Un mundo que forma parte doutro moito maior pero que aínda falta moito por descubrir. A cartografía tradicional xunto cos novos recursos tecnolóxicos son os piares desta unidade didáctica.	8	12	X		
2	Climas da Terra	A diversidade climática é unha das maravillas do noso planeta. Dende as zonas máis cálidas ata as máis frías afondaremos nos factores que ocasionan estas diferenzas.	8	12	X		
3	Emerxencia climática	A ciencia demostra día a día que o clima do planeta está a cambiar. Cambios que son habituais no planeta pero que a man do ser humano está a acelerar, con consecuencias que día a día demostran ser dramáticas. O análise das causas, o coñecemento das consecuencias e as posibles solucións forman parte dos contidos desta Unidade Didáctica.	5	8	X		
4	Os medios naturais	A riqueza natural da Terra é un agasallo que a humanidade debe respectar e coidar. O coñecemento deses medios naturais, dende o máis lonxano ata o máis próximo, son o eixe vertebrador dos contidos da Unidade.	4	8	X		
5	O impacto humano sobre o medio natural	A humanidade ata fai uns séculos tivo un impacto mínimo no medio natural. A partires da Idade Moderna a pegada é enorme con verdadeiras transformacións que se observan incluso, nos lugares máis afastados do planeta. O análise dese impacto é clave á hora de comprender a importancia dun desenvolvemento sostible pois non existe outro fogar.	10	8		X	
6	As sociedades prehistóricas	A evolución humana: claves, características e consecuencias. As relacións sociais, a adaptación ao medio, a obtención de recursos, do nomadismo á sedentarización, as primeiras representacións artísticas, entre outros. Estes contidos forman parte dun conxunto de ideas básicas para coñecer o pasado máis lonxano da	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As sociedades prehistóricas	humanidade.	10	9		X	
7	A Antigüidade en Asia e África	O inicio das civilizacións en diferentes lugares de Asia xunto coa aparición de verdadeiras culturas evolucionadas no continente africano son os piares fundamentais desta Unidade Didáctica. A aparición da escritura, os avances científicos e culturais, as relacións entre os pobos e o comezo das desigualdades sociais, puntos a abordar con este bloque de contidos.	10	7		X	
8	A civilización Exipcia	O mundo dos exipcios: 3000 anos de enriquecemento da cultura humana. As súas orixes, o seu devir histórico, a conexión co presente e o seu valor na actualidade. Un análise das bases dunha das civilizacións mais fértiles da antigüidade tendo presente as aportacións de tódolos membros da súa sociedade ao longo de tantos séculos.	10	8		X	
9	A Hélade	Nesta Unidade abórdanse aspectos clave dunha civilización que deixou unha enorme pegada mais aló do mediterráneo oriental. A Polis: eixe vertebrador da sociedade helénica. A tradición, lingua, costumes, sistemas políticos, filosofía e ciencia son, entre outros, aspectos que definen a esta civilización.	10	9			X
10	Roma	Unha evolución ao longo de moitos séculos leva a esta pequena vila asentada en 7 outeiros a converterse nunha das civilizacións clave para a humanidade. Os Piares socioeconómicos e políticos do Imperio Romano, a súa cultura, o urbanismo e os seus costumes seguen tendo vixencia, validez e interese na actualidade.	10	10			X
11	Os pobos xermánicos	Da loita e tensión á amizade e pactos de hospitalidade. Os pobos mais aló das fronteiras do Imperio Romano ocupan o espazo occidental europeo e crean os piares dunha nova etapa histórica. Nesta Unidade destacamos a enorme pegada duns pobos que coas súas linguas, relixión e costumes (reino Suevo de Galicia) son revisadas pola historiografía nestas últimas décadas.	5	6			X
12	As expresións artísticas na Antigüidade	O mundo da arte na Antigüidade evoluciona cara unha mestría inigualable en séculos. A vida en sociedade multiplica as expresións artísticas en tódallas civilizacións. A arquitectura, escultura e pintura alcanzan cotas de perfección nunca vistas. Obxecto	10	8			X

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo o seu coñecemento. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara ao tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo propoñer que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións necesarias.

Por último, estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non se teñen en conta na cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	<b>40</b>

### Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o das táboas de indicadores un 40%.

As probas escritas poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas que se encomenden ao alumnado (traballos escritos, informes,

redaccións, presentacións en ordenador, resumos, pósters, exposicións orais etc.). Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas axeitadas. Haberá unha rúbrica específica para a avaliación do caderno, que recolle o traballo diario e corrixido na aula, e que será avaliado segundo diversos aspectos: que as tarefas estean completas; que se incorporen as correccións oportunas; que os contidos estean ben estruturados, ordenados e presentados. Dentro do 40% que computan as táboas de indicadores á cualificación, ao caderno atribúeselle un 15%.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [ (Media Exames x 60)+ (Media táboas indicadoras x 40) ] / 100.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5. Se a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algunha actividade de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa, levarase a cabo un plan de recuperación.

A nota final será resultado da ponderación que corresponde ao peso de cada unidade dentro da materia, de xeito que a nota será resultado de:

Nota final = [ (Nota 1ª aval. x 25)+ (Nota 2ª aval. x 40) + (Nota 3ª aval. x 35) ] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

O redondeo no caso de notas entre o 4 e o 5 só se realizará na avaliación final, subindo ao 5 unicamente cando a nota sexa igual ou superior a 4,75.

A importancia da lectura na nosa materia require un apartado especial que pode ser incorporado á nota final do curso escolar. Ofrecemos ao alumnado de 1º da ESO a posibilidade voluntaria dunha lectura dun libro ao longo do curso 2023/24. Se algún dos nosos alumnos/as decide ler un ou varios dos libros propostos, será obxecto dunha proba escrita e oral onde se avaliará a veracidade e a comprensión do libro lido por medio de rúbricas. O seu resultado será incorporado de forma sumativa á nota media final do curso escolar sempre e cando se teña como mínimo un 5 de nota media entre as tres avaliacións. Se houbera algún caso dunha media de 10, confírmase a nota de 10 nese final de curso, sendo imposible sumar a nota da proba do libro de lectura. O desglose da nota sumativa obtida na proba escrita e oral sería o seguinte: 5-6 (0,3 pts); 6-7 (0,4 pts); 7-8 (0,5 pts); 8-9 (0,6 pts); 9-10 (0,75 pts). O alumnado que non supere a proba sobre o libro de lectura non terá recompensa cualitativa de ningún tipo e quedará coa nota final que obtivo despois da media das tres avaliacións.

A media ponderada da suma das tres avaliacións representará a cualificación final ao rematar a 3ª avaliación, tendo en conta as recuperacións. O alumnado terá a materia aprobada cando esa media obtida sexa dun 4,75 de cualificación mínima (=5 co redondeo).

Cunha cualificación final inferior a 4,75 ofrecerase a opción de recuperar a materia antes da avaliación final ordinaria mediante un exame final por avaliacións parciais ou total.

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe algunha das avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas sobre ditos contidos. A docente titorizará este traballo para resolver dúbidas e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas pola docente, previamente traballadas polo/a alumno/a, e que se cualificará nunha escala de 1 a 10. En relación á parte práctica, esta deberá ser entregada no prazo indicado.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 70% das probas escritas e o 30% dos traballos, sempre que se entreguen dentro do prazo indicado.

A avaliación considerarase aprobada cando se obteña 5 ou máis.

Se o alumnado, ao longo do curso escolar non obtén unha nota mínima dun 4,75 (=5) coa media das tres avaliacións (tendo en conta as notas da recuperación), terá unha derradeira oportunidade na última semana do curso cunha convocatoria para un exame final.